

Concurso de Traballos por Proxectos 2024/25

Código: 36001550	Centro: CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO
Provincia : PONTEVEDRA	Localidade: CARBALLEDO

1.- INTRODUCCIÓN

Xustificación

O CEIP Plurilingüe de Carballedo leva anos traballando a través de proxectos documentais integrados que vertebran tódalas actividades realizadas no centro e funciona como eixe orientador da labor desempeñada dende as titorías. A biblioteca escolar é o órgano coordinador do PDI, que é elixido a proposta do alumnado, familias e profesorado onde todos os cursos participan por igual.

Relación cos elementos curriculares

Competencias clave

Aínda que as competencias máis vinculadas aos contidos do PDI son a científica, a cidadá e a de emprendemento, a metodoloxía do traballo por proxectos tamén prioriza outras como a lingüística ou a dixital, e todas elas se desenvolverán do seguinte xeito:

Comunicación Lingüística (CCL). As habilidades comunicativas foron clave nas relacións dentro do traballo en equipo e no momento das exposicións orais. Partíuse da investigación en fontes documentais: houbo que ler, manexar e seleccionar información importante. As producións escritas e orais foron fundamentais para comunicar resultados.

Competencia matemática, e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría

(STEM): o traballo de investigación implicou manexar datos numéricos e ter que analizar e crear táboas, estatísticas, gráficos sobre os superheroes e seres mitolóxicos a estudar. Tamén foi fundamental a abordaxe do paso do tempo a través da comparativa pasado/presente/futuro para entender como os superheroes e superheroínas de carne e óso contribuíron e contribúen ao desenvolvemento global. O coñecemento sobre a influencia dixital na divulgación de contidos contribuíu á **competencia dixital (CD)**. Para a dinámica de traballo as ferramentas dixitais foron moi útiles: manexar diferentes fontes na rede, crear presentacións no ordenador ou programas de radio.

Competencia Plurilingüe (CP): dende o noso centro plurilingüe a través das áreas impartidas en lingua castelá, lingua galega e inglés traballárase sobre o PDI, polo que se desenvolverán competencias en todas as linguas (prestando especial atención ao galego como lingua vehicular seña de identidade da nosa comunidade).

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): A aprendizaxe autónoma veu da man da reflexión sobre o que se sabe e o que se quere saber, na capacidade para saber onde buscamos, como nos organizarnos para atopar respostas... Estas preguntas obrigaron a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación e avaliación... Fomentouse que o alumno/a se sentise protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe. O PDI contribuíu a que os estudantes organizasen o seu pensamento potenciando a súa creatividade e descubrindo novas ferramentas para solucionar os problemas.

Competencia cidadá (CC): Participando en actividades grupais de maneira respectuosa, seguindo procedementos democráticos e escoitando as exposicións orais do resto de compañeiros.

Competencia Emprendedora (CE): O proceso de investigación e as posteriores fases, especialmente a de consolidación, requiriron traballar a iniciativa, aprender a deseñar e implementar un plan, mellorar a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, e tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas.

Conciencia e expresións culturais (CCEC): coñecer, valorar e respectar os hábitos, costumes, formas de expresión dos heroes mitolóxicos nas diferentes culturas.

Obxectivos do PDI

Este proxecto orientouse a que o alumnado lograse unha serie de obxectivos comúns ao traballo por proxectos e outros específicos da temática elixida. Estes foron:

- Traballar as diferentes tipoloxías textuais: banda deseñada, descricións, ficha técnica dun superhéroe/ser mitolóxico, carta de agradecemento aos nosos superheroes, redaccións sobre a vida de heroes da nosa contorna..
- Identificar as características dun cómic. Uso de onomatopeas
- Localizar xeograficamente os seres mitolóxicos galegos e europeos
- Investigar sobre os superheroes reais ao longo da historia (científicas, escritoras, artistas...)
- Recoñecer nos demais en nun mesmo os superpoderes (talentos, habilidades)
- Fomentar a autoestima e a empatía

- Coñecer, a través da investigación, lendas e mitos de Galicia
- Aprender e ampliar vocabulario específico sobre superheroes e seres mitolóxicos
- Realizar obradoiros sobre banda deseñada
- Crear un xogo de cartas de superheroes
- Descubrir a biblioteca como fonte de recursos e información.
- Representar superheroes a través de diferentes técnicas e ferramentas plásticas.
- Coñecer os coidados básicos das persoas e saber actuar ante unha emerxencia.
- Recoñecer e aprender a frear as causas que inician un conflito.
- Traballar as unidades de medida a través dos superheroes (peso, velocidade, tamaño...)
- Identificar emocións con imaxes de superheroes.
- Involucrar á comunidade educativa nos diferentes obradoiros e actividades.
- Realizar saídas á contorna, protectoras...no que o alumnado sexa protagonista da súa aprendizaxe.
- Escribir un conto viaxeiro dende infantil a sexto de primaria.

Relacionar as diferentes conmemoracións co PDI.

- Aprender a traballar en equipo para chegar a metas individuais e conxuntas.
- Aprender a expresar ideas e información de maneira organizada a través de fontes escritas e orais, acorde á idade e capacidade persoal.
- Fomentar actividades deportivas dende unha perspectiva de superación relacionando a importancia do deporte na forma física dos superheroes.

-Desenvolver habilidades informativas que pasen por: identificar palabras clave, seleccionar fontes fiables, comprender o que se le ou ve, identificar información necesaria da innecesaria, aprender a empregar fontes orais e escritas (dixitais e en papel).

Contidos

ÁREA	Contidos
Matemáticas	“As gráficas de datos”, “Lectura e interpretación das representacións gráficas dun conxunto de datos relativos á temática do PDI”, “Datos numéricos”, “Comparación de peso, velocidade...dos superheroes”, “Figuras xeométricas”- “Diseñar superheroes con pezas xeométricas”
CCNN	“O corpo humano e as función vitais”, “Comparación co dos superheroes” “Plantas medicinais e mitoloxía”, “Coñecemento das plantas medicinais”, “Heroes e heroínas na ciencia”, “Deforestación e incendios. Superpoderes para atallalos”, “Hábitos saudables. Comprender a necesidade de levalos a cabo para ser un superhore/superheroína”, “Recoñecemento da comunidade científica”, “Ferramentas que utilizan os superheroes e os seres mitolóxicos”, “Circuitos de papel que iluminen algunha parte dun superheroe”.
CCSS	“Comparativas pasado/presente/futuro das heroínas reais”, “Sector primario. Viticultura heroica”, “Sector terciario. Profesións heroicas”, “Coñecemento da historia dos superheroes/superheroínas da nosa familia”, “Importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima”, “A auga: procedencia, usos, contaminación e coidados”, “Acción humana sobre o medio e consecuencias”, “Responsabilidade ecosocial”, “O aire como

	elemento esencial, a atmosfera e a contaminación”, “Deberes e dereitos das persoas”, “ Medios de transporte e heroes que os inventaron”, “Entender e interiorizar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático. Comportarse como os superheroes a prol do planeta”, “Obtención de información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes”.
Lingua galega e castelá	“Expresión escrita e oral sobre superheroes e seres mitolóxicos”, “Investigación sobre a mitoloxía”, “Manexo de fontes documentais”, “Comprensión de textos sobre a temática do PDI: ideas principais e secundarias, información importante-non importante, esquemas”, “Proceso escritor para crear textos non literarios e literarios sobre a temática do PDI”, “Traballo coa prensa para analizar noticias das heroínas reais”, “As normas sociais nas interaccións”, “Vocabulario específico”, “Deseño de obras de teatro, monicreques, teatriño de sombras coa temática do PDI”, “Exposicións orais sobre heroes, seres mitolóxicos ou situacións heroicas” “Habilidades informativas: inicio guiado na localización de información, selección e contraste de información”, “Emprego da biblioteca e dos recursos dixitais”.
EPV	“Coidado e uso correcto dos materiais, instrumentos e espazos”, “Creación de exposición e murais sobre os seres mitolóxicos”, “Artistas creadores de cómics galegos” “Creación dun cómic”, “Composicións plásticas con elementos da natureza que utilizarían os seres mitolóxicos”, “Manipulación de obxectos para a súa transformación”, “Fases do proceso creativo”.

EF	“Xincana de probas mitolóxicas”, “Habilidades motrices: relacionadas con superpoderes”, “Deportistas heroicos”, “Superación de retos motrices ata conquistar un alto nivel de poderes”, “Carb@rutas para coñecer plantas medicinais”, “Hábitos de hixiene. Comparación cos superheroes”.
Lingua inglesa	“Deseño e descrición dos nosos superheroes e superheroínas”, “Creación dun xogo de mesa sobre os superheroes”, “Lecturas en lingua inglesa relacionadas coa temática do PDI”, “O corpo”, “A aparencia”
Música	“Aprendizaxe das notas asociadas ás cores dos superheroes”, “Interpretación de bandas sonoras de superheroes co xilófono”, “Escoita con atención e respecto todas as interpretacións musicais na música en directo”.
Crecemento en harmonía	“Imaxe global e segmentaria do corpo: as características individuais e o respecto polas diferenzas (atributos dos superheroes e os meus propios)”, “Adquisición de estratexias de educación emocional en base á análise de heroicidades”, “Xogo simbólico: observación, imitación e representación de héroes. Estereotipos e prexuízos”, “Xogo e traballo colaborativo”, “Identificación de situación perigosas comportándose axeitadamente”, “Resolución de conflitos”
Descubrimento e exploración da contorna	“Os heroes e os superheroes”, “Realización de experimentos cos elementos naturais que dominan os superheroes”, “Recoñecemento de heroes reais da contorna, valorando a súa fazaña”, “Estratexias de autorregulación da conduta”, “A amizade como valor de prevención da violencia”, “Influencia das acción das persoas no medio físico”, “Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega”

Comunicación e representación da realidade	“Creación de textos descriptivos en base a figura dos superheroes”, “Uso progresivo de léxico variado vinculado ao PDI”, “Escoita activa de textos relacionados co proxecto”, “Recoñecemento da biblioteca como fonte de recursos e información”, “A banda deseñada”, “Uso das onomatopeas”
--	---

Criterios de avaliación

Cun proxecto de tan ampla perspectiva, estaremos abordando unha importante cantidade de estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación de cada unha das materias do currículo de cada nivel, as cales se valorarán a nivel de titoría.

Dende a perspectiva do traballo por proxectos, valorarase o seguinte:

- Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.
- Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.
- Producir textos orais e escritos breves, imitando modelos ou potenciando a creatividade, e atendendo á forma e a intención comunicativa.
- Usar, de xeito guiado, a biblioteca e outros recursos documentais para localizar libros e información axeitada aos seus intereses.
- Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación dun modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.
- Amosar respecto polos diferentes tipos de expresión escrita.

-Empregar un léxico e unha gramática axeitada no proceso de expresión e para comentar as obras propias e alleas.

Calendario de actividades previstas

MES	TAREFAS
SETEMBRO	-Organización do traballo anual e trimestral, celebracións e reparto de contidos por curso. -Creación dunha táboa na que se organicen os distintos contidos curriculares de cada curso buscando a relación cos obxectivos do PDI e propiciar a aprendizaxe significativa. -Traballo de investigación docente: creación de constelacións literarias que recompilen as fontes documentais para o desenvolvemento do PDI.
OUTUBRO	-Concurso de ambientación de portas: cada clase decorará a súa porta tendo en conta o hábitat que abordará durante o curso. -24. Día das bibliotecas escolares: inauguración do PDI cun mural colaborativo pintado na entrada do cole onde cada ciclo plasmará o seu superheroe. -30. Samaín: concurso de cabazas, obradoiros de Samaín,
NOVEMBRO	-Obradoiro de ilustración e cómic - 25. Celebración Día contra a violencia de xénero
DECEMBRO	-3. Día da discapacidade -Exposición trimestral PDI
XANEIRO	-30. Día da paz e non violencia
FEBREIRO	-1. Reto 21 días en galego -21. Día da lingua materna -23. Día de Rosalía -28. Entroido
MARZO	-8. Día Internacional da muller (celebrarase o 7 ou 10)

	-10 ao 14. Semana da prensa -15. Día mundial dos dereitos do consumidor (celebrarase o 14 ou 17)
ABRIL	-11. Exposición trimestral PDI -22 ao 25. Semana do libro. II Encontro Letras na praza
MAIO	2. Día Internacional contra o Acoso Escolar (celebrarase o 5) -12 ao 16. Semana das Letras galegas
XUÑO	- Exposición trimestral PDI - Peché final

Alumnado e profesorado participante

O noso PDI “Carballedo, escola de superheroes” parte da biblioteca escolar e está dirixido para todo o alumnado do centro, dende a etapa de educación infantil ata 6º de EP. Polo tanto as investigacións e posteriores exposicións orais foron desenvolvidas en cada nivel por todo o profesorado que integra o claustro.

2.- OBXECTO

Nas enquisas realizadas dende a biblioteca, no mes de maio do curso pasado, o alumnado expresou a súa inquedaanza por investigar sobre os superheroes. Este ano escolar 2024/2025 as nosas investigacións xiraron arredor do PDI **“CARBALLEDO, ESCOLA DE SUPERHEROES”**.

O obxecto de investigación que se amosa dará resposta ao interese do alumnado por saber máis acerca do mundo dos superheroes e todo o que o rodea. Estamos ante un tema altamente motivador, que lles produce moita curiosidade e que permitiu gozar aprendendo sobre el. Non obstante para o centro segue a ser unha prioridade

traballar os obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030. Deste xeito con este proxecto puxemos o foco naqueles que tiñan unha relación máis directa cos obxectivos propios do PDI. O mundo dos superheroes vai moito máis alá do que nos teñen acostumados na ciencia ficción e este foi un bo argumento para comezar coa nosa investigación. O traballo dende as aulas enténdese como punto de partida para cambiar a perspectiva e que o alumnado descubrixe que eses superheroes e superheroínas están máis preto do que imaxinaban. Somos conscientes de que o planeta demanda cada vez máis, e a un ritmo vertixinoso, unha perspectiva ampla dos problemas sociais e un cambio de actitude, e que este debe iniciarse indiscutiblemente na primeira etapa da vida. O noso proxecto pretende ser un compromiso persoal e social de cara a conservación daquilo que temos máis próximo. Este obxectivo, con base na investigación e na reflexión, convértese na prioridade de “Carballedo, escola de superheroes”.

3.- PROCESO

Para artellar o noso PDI comezamos en setembro coa repartición por trimestres do que serán os temas de investigación.

- 1º trimestre: Supereheroínas na ficción
- 2º trimestre: Seres mitolóxicos
- 3º trimestre: Superheroínas ao longo da historia

Seguindo a mesma liña de cursos anteriores o PDI organizámolo seguindo as fases do traballo por proxectos, partindo da investigación en fontes documentais:

Fase de motivación. Tivo lugar no mes de outubro e fixémoslo a través de varias actividades: o [clásico concurso de ambientación de portas](#) e [deseño dun superheroe/superheroína por aula](#).

Fase de desenvolvemento: aconteceu sobre o 1º, 2º trimestre e parte do 3º trimestre e foi orientada, especialmente, a determinar o que queremos saber e a investigar en [fontes documentais](#) para descubri-lo. Ao finalizar o 1º e 2º trimestre o alumnado expuxo os produtos finais das súas investigacións. [Exposicións orais 1º trimestre](#), [exposicións orais 2º trimestre](#)

Pecche final: organizamos unha [feira](#) para toda a comunidade educativa na que o alumnado foi o protagonista. Primeiro cada titoría expuso o aprendido ao longo do curso e logo libremente as familias circularon por diferentes obradoiros.

Leváronse a cabo máis actividades relacionadas co PDI e procuramos vencellar as conmemoracións do calendario escolar co noso proxecto: [25N](#), [Obradoiro cómic e ilustración](#), [Día internacional da discapacidade](#), [Día da paz e non violencia](#), [Día de Rosalía](#), [Entroido](#), [8M](#), [Senda mitolóxica o Viso](#), [Letras na praza](#), [Día da familia](#), [Heroes do río Alfofrei](#), [Programa radio especial Samaín](#), [especial Samaín II parte](#), [especial Nadal](#), [especial entroido](#).

4.- DOCUMENTACIÓN

Profesorado

- Carpetas de inicio de curso co material de traballo do [PDI](#)

- Documentos de traballo compartido a través do Canva no que se detallan as actividades relacionadas co PDI coas súas correspondentes fotografías.
- Constelación non literaria

Alumnado

- [Castanovas](#) que son as cartas que lles achega a mascota da biblioteca (Castañón) e nas que se detallan todas as actividades que se realizarán cada mes.
- Material elaborado polo profesorado sobre o PDI para traballar co alumnado
- [Retos mensuais](#) que debían superar relacionados co PDI.
- Publicación no blog de bibliocarballedo e no instagram de todas as actividades.

5.- TAREFAS

- Realizar exposicións orais sobre todo o investigado
- Coñecer as partes dun cómic
- Clasificar especies de arañas polo mundo
- Crear unha escultura
- Investigar sobre o mundo dos superheroes e coñecer os seus poderes
- Elaborar un herbario máxico
- Inventar un rap sobre superheroes e seres mitolóxicos
- Investigar sobre a historia de diferentes heroes mitolóxicos e os elementos que utilizan
- Coñecer a senda mitolóxica do Monte Viso
- Recoñecer aos heroes/heroínas reais: axentes ambientais, bombeiros, doutoras...
- Investigar sobre inventores e os inventos que cambiaron o mundo.

- Crear os nosos propios inventos
- Coñecer a historia de Pepa a Loba
- Crear entre todo o alumnado un kamishibai con Pepa a Loba de protagonista
- Crear un xogo de mesa sobre “Heroes na vida real”
- Realizar unha curta sobre seres mitolóxicos no bosque de Carballedo

6.- RECURSOS

Para levar a cabo a investigación sobre os diferentes aspectos traballados ao longo do PDI utilizamos os seguintes recursos e fontes escritas:

Fontes escritas: “Pequena mitoloxía de Galicia”, “Capitán lentella”, “Seres fantásticos do camiño”, “Atlas de mitos”, “Mitologías del mundo”, “Manual para superhéroes”, “Colección pequena y grande”, “Intrépidas”, “Colección Me llamo...”, “100 mujeres que cambiaron el mundo”, “Tótem animales y civilizaciones”, “Marvel la enciclopedia”.

Fontes dixitais: www.galiciaencantada.com, www.nationalgeographic.es

Outros recursos: placas makey makey, radio escolar

7.- IMPLICACIÓN

Levar a cabo un proxecto tan extenso precisa da colaboración de toda a comunidade educativa. O Claustro apoiou todas as propostas do equipo de biblioteca e as familias participaron activamente en tódalas actividades propostas: concurso de cabazas, entroido, día da paz, peche final...

8.- DIFUSIÓN

Medios que se utilizaron para a difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarballedo/node/84>

Blog: <http://bibliocarballedo.blogspot.com>

Rede social: https://www.instagram.com/biblio_carballedo/

Abalar móbil: para enviar as familias semanalmente as actividades publicadas nas nosas redes, os programas de radio e as novidades nas que poden colaborar e participar activamente.

9.- AVALIACIÓN

Como procedementos de avaliación empregáronse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado (semanais, mensuais e trimestrais), reflexionando sobre o grao de adquisición dos obxectivos marcados (tanto a nivel organizativo, pedagóxico ou social).

Houbo unha revisión constante do proxecto, modificando cando foi preciso o calendario inicial.

Seguindo a dinámica dos cursos pasados a través do traballo por proxectos nas aulas fomentouse a oralidade e a exposición ante o público cunha posta en común final. Dando resposta a unha aprendizaxe fundamental para a vida.

As familias avaliaron tanto o desenvolvemento do PDI coma o funcionamento da biblioteca en xeral a través duns [cuestionarios de google](#) que foron entregados polo equipo da biblioteca escolar no mes de xuño. De igual xeito temos uns cuestionarios para o alumnado e para o profesorado; non só para valorar o proxecto en si senón tamén a biblioteca en xeral. Cómpre sinalar que en todos os cuestionarios temos

dúas preguntas que consideramos fundamentais, coma son as propostas de mellora e a solicitude de iniciativas propias de cara ao vindeiro curso académico.

10.- BIBLIOTECA

A biblioteca escolar foi a pedra angular do PDI “Carballedo, escola de superheroes”.

Destacamos as seguintes competencias:

- Escenario onde o alumnado pode investigar para o PDI.
- Selección de materiais, títulos e fontes documentais atendendo ao PDI escollido, para que o alumnado e profesorado tivera máis opcións de busca de información.
- Coordinar e organizar o desenvolvemento do proxecto.
- Realizar diferentes materiais : castanovas, documentación específica para comezar o proxecto, constelación non literaria.
- Elaborar os retos do mes dende bibliocreativa
- Organizar en coordinación cos demais equipos as conmemoracións e vencellalas co PDI